



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Diagnóstico pedagógico	Código	652G02039	
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	CastelánInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Losada Puente, Luisa	Correo electrónico	luisa.losada@udc.es	
Profesorado	Losada Puente, Luisa	Correo electrónico	luisa.losada@udc.es	
Web	https://campusvirtual.udc.gal/my/			
Descrición xeral	<p>A preocupación por avaliar e analizar a conduta humana atendendo a unhas ou outras variable foi unha constante ao longo da historia da humanidade, e permitiu configurar o diagnóstico como ciencia vinculada a diversos campos de coñecemento: medicina, psicología, educación?</p> <p>En educación, o Diagnóstico Pedagógico eríxese como disciplina que estudia ao neno/a en idade escolar e á súa contorna, mediante: (a) a identificación e valoración da das súas capacidades, comportamentos, actitudes e atributos persoais no contexto escolar; (b) a procura dunha explicación sobre as causas, alternativas e factores implicados na situación experimentada polo escolar; (c) a explicación das consecuencias sobre el/ela, mediante a síntese da información recollida a través das diversas técnicas; e (d) a especificación, con base neses resultados, dos recursos singulares que require para a atención ás súas necesidades específicas de apoio educativo planificando, cando sexa necesario, unha intervención adecuada para mellorar de forma satisfactoria esas accións, a personalidade e a madurez do/da neno/a e, en definitiva, actuar sobre o seu benestar escolar, contribuíndo así a mellorar a súa calidade de vida individual.</p> <p>Por todo isto, nesta materia preténdese ofrecer unha aproximación teórico-práctica ao campo do diagnóstico pedagógico, a través da cal o alumnado adquirirá as competencias básicas que lle permitan comprender os procesos de aprendizaxe no período 6-12 anos dentro e fóra da aula, as características do alumnado e os seus procesos motivacionais e sociais, así como identificar as dificultades de aprendizaxe dos seus estudantes, aplicar os seus coñecementos ás problemáticas que presentan os seus futuros/as alumnos/as na escola, empregar técnicas e instrumentos adecuados para a exploración e identificación diagnóstica, e realizar informes que permitan informar das necesidades detectadas e colaborar no proceso de valoración e posterior intervención, desde o seu ámbito de coñecemento.</p> <p>Nota importante:</p> <p>Esta materia será impartida en modalidade bilingüe. O proceso de ensinanza e aprendizaxe realizarase en dúas linguas vehiculares, inglés e castelán, garantíndose en todo momento que todo o alumnado sexa capaz de seguir a materia adecuadamente e teña acceso a materiais didácticos equivalentes nas dúas linguas.</p> <p>O emprego de dúas linguas vehiculares nesta materia se formula co principio pedagógico de andamiaxe para as metodoloxías de docencia en inglés de translanguaging ou code switching, é dicir, cambio de código. A docente poderá ampliar o emprego do inglés e reducir o de castelán progresivamente, segundo vexa a capacidade do alumnado de seguir adecuadamente a materia na lingua estranxeira. Na interacción na aula animarase ao alumnado a empregar a lingua estranxeira dentro das súas posibilidades.</p> <p>A competencia lingüística en lingua estranxeira do alumnado nunca será obxecto de avaliación nin terá ningún impacto na nota final que acade na materia. Na avaliación, o alumnado poderá ser avaliado na lingua vehicular que prefira.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Comprender os procesos de aprendizaxe relativos ao período de 6-12, no contexto familiar, social e escolar.
A2	Coñecer as características destes estudantes, así como as características dos seus contextos motivacionais e sociais.
A3	Dominar os coñecementos necesarios para comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e identificar disfuncións.



A4	Identificar dificultades de aprendizaxe, informais e colaborar no seu tratamento.
A6	Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e distintos ritmos de aprendizaxe.
A7	Analizar e comprender os procesos educativos na aula e fóra de ela relativos ao período 6-12.
A11	Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula.
A20	Mostrar habilidades sociais para entender ás familias e facerse entender por elas.
A21	Coñecer e saber exercer as funcións de titor e orientador en relación coa educación familiar no período 6-12.
A22	Relacionar a educación co medio, e cooperar coas familias e a comunidade.
B1	Aprender a aprender.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B9	Capacidade para expoñer as ideas elaboradas, de forma oral e na escrita.
B13	Lectura e interpretación de imaxes.
B14	Capacidade para traballar en equipo de forma cooperativa, para organizar e planificar o traballo, tomando decisións e resolvendo problemas, tanto de forma conxunta como individual.
B17	Capacidade de análise e de autoavaliación tanto do propio traballo como do traballo en grupo.
B18	Compromiso ético para o exercicio das tarefas docentes.
B21	CB1 - Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeneral, e se adoita encontrar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B22	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B23	CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B24	CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B25	CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Coñecer e contrastar os diferentes modelos de diagnóstico educativo, estimando o máis adecuado en relación aos procesos de aprendizaxe individual e á interacción e comunicación no contexto familiar, social e escolar, relativos ao período de 6-12 anos.	A1 A7 A11	B18 B21 B22
Comprender e ser capaz de explicar as características do alumnado de 6-12 anos, o desenvolvemento da súa personalidade e motivacións e as súas posibles disfuncións e/ou dificultades de aprendizaxe.	A2 A3 A4	B9 B21 B22 B23	C1 C4
Identificar as posibles dificultades de aprendizaxe dentro e fóra da aula do alumnado de 6-12 anos, aplicando xuízos que son trasladados ás persoas involucradas e que contribúen ao seu tratamento.	A4 A6 A7	B22 B23 B24	C1



Apreciar a diversidade de capacidades e ritmos de aprendizaxe na aula e fóra dela, estimando os mecanismos e estratexias adoitadas para a resolución de situacións que afectan ao proceso educativo do alumnado.	A6 A7	B9 B13 B23	
Dominar e facer uso das habilidades sociais, comunicativas e profesionais necesarias para entender ao alumnado e ás familias e facerse entender por todos eles, para exercer as funcións de tutor/a e/ou orientador/a en relación á educación familiar e para establecer lazos de cooperación e comunicación coas familias e a comunidade.	A11 A20 A21 A22	B24	C1 C4
Investigar, de forma autónoma e/ou colaborativamente, novas formas de ensinar e de manter un coñecemento actualizado sobre o propio campo profesional.		B1 B14 B17	C3
Emitir xuízos de valor argumentados, acerca dunha realidade, contrastando as súas opinións coas doutros profesionais do campo e contribuíndo á resolución conxunta dos problemas dentro da área de estudo con base na ética e na responsabilidade do traballo docente.		B6 B9 B14 B22 B24	C1
Valorar de xeito crítico as propias habilidades de aprendizaxe e a súa necesidade de formación ao longo da vida.		B1 B21 B25	C5 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Delimitación conceptual do diagnóstico en educación	1.1. Concepto de diagnóstico en educación 1.2. Modelos de diagnóstico en educación
Tema 2. O proceso de diagnóstico en educación	2.1. Problemática e elementos do diagnóstico 2.2. Niveis de actuación e ámbitos do diagnóstico
Tema 3. Técnicas e instrumentos de recollida de información do proceso diagnóstico	3.1. Técnicas obxectivas, subxectivas e proxectivas
Tema 4. O informe de diagnóstico educativo	4.1. Solicitude de elaboración e interpretación do informe diagnóstico 4.2. Problemas ético-sociais e deontoloxía profesional

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A22 B1 C1 C3	1	0	1
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A11 A21 C7	7.5	0	7.5
Traballos tutelados	A4 A6 A7 B1 B9 B14 B17 B18 B22 B23 B24 B25 C1 C3 C4	7.5	30	37.5
Simulación	A11 A21 A22 B6 B9 B21 B22	3	9	12
Estudo de casos	A4 A6 A20 B1 B6 B13 B14 B23 B24 C3 C5	5.5	16	21.5
Presentación oral	B1 B9 B13 B17 B23 B24 C1 C3	4	15	19
Discusión dirixida	A3 A7 B9 B13 B24	1	0	1
Proba mixta	A3 B21 B22 B23 B24	2	10	12
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividade que se desenvolverá ao inicio do proceso de ensino-aprendizaxe, coa finalidade de coñecer as competencias previas, intereses e motivacións do alumnado en torno á materia e así poder articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativas.
Sesión maxistral	Esta metodoloxía empregarase nas sesións expositivas e terá un formato tipo flipped classroom. Así, os contidos que conforman o marco teórico da materia exponense a través de presentación e medios audiovisuais que se subirán ao Campus Virtual. Trátase de vídeos de curta duración que o alumnado deberá visualizar fóra da aula. O dito materia subirase á plataforma cunha semana de antelación para que o alumnado poida xestionar o seu tempo para visualizalas e poder traballar na aula cos contidos teóricos que nelas se abordan dun modo máis práctico, a través de metodoloxías como discusión dirixida ou estudo de casos, introducindo cuestións dirixidas ao alumnado en forma de actividade de aula, coa finalidade de transmitir os coñecementos e facilitar as aprendizaxes. Ademais, ofrecerase ao alumnado bibliografía e documentación adicional para aprofundar en cada tema.
Traballos tutelados	O alumnado levará a cabo, ao longo do cuadrimestre, diversos traballos cuxa finalidade é que o alumnado coñeza, comprenda e sexa capaz de aplicar á súa vida diaria os principios básicos que sustentan o diagnóstico pedagóxico na actualidade. A dita capacidade deberá materializarse nun proxecto final, que poderá ser presentado en formato vídeo, imaxe, debuxo, blogue... utilizando para isto os medios tecnolóxicos ao seu alcance, e será presentado ao resto de compañeiros/as.
Simulación	Levarase a cabo unha representación das aprendizaxes teóricas en forma de suposto hipotético (simulación) relacionado co uso dunha proba diagnóstica, na que o alumnado deberá poñer a proba o seu comportamento en situacións concretas, os coñecementos adquiridos ata o momento, a súa capacidade de analizar alternativas e as súas consecuencias. Realizarase de xeito presencial, apoiados polas TICs e, preferentemente, en pequenos grupos (número de participantes a determinar, segundo a matrícula de alumnado) para que traballen de forma conxunta na resolución das tarefas, de xeito que optimicen a súa aprendizaxe e se retroalimenten do traballo conxunto.
Estudo de casos	Actividade na que se lle presentará ao alumnado unha situación problemática específica coa que podería atoparse na súa futura vida profesional. O alumnado deberá ser capaz de comprender, analizar, valorar e resolver o problema, tomando como marco de referencia as aprendizaxes adquiridas nas sesións maxistrais, así coma outros materiais complementarios facilitados pola docente ou dispoñibles na bibliografía básica da asignatura. Realizarase grupalmente (número de participantes a determinar, segundo a matrícula de alumnado) e, será no grupo no que se analice, debata e valore o caso presentado, e se discutan os feitos e as posibles solucións ata chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión.
Presentación oral	O alumnado presentará fronte á docente e os demais compañeiros o seu proxecto final, así como se poderá acordar a presentación doutras actividades realizadas a modo de estudo de casos, simulación... As presentacións das actividades farase de forma grupal e requirirase da participación de todos os integrantes. Deberase presentar a modo de exposición oral, empregando para isto recursos e medios de carácter innovador. Valorarase, ademais da calidade e claridade na exposición, a capacidade de axustarse aos tempos, a adecuación ao público e lugar da presentación e, sobre todo, a creatividade e a innovación.
Discusión dirixida	Proporanse dinámicas nas que se aborden temáticas que inviten á reflexión do alumnado acerca de contidos relativos ao diagnóstico no campo educativo. Preténdese favorecer a construción dunha visión crítica á hora de interpretar a realidade educativa. Utilizaranse recursos como as lecturas ou os vídeos para a contextualización das discusións, para o cal requirirase que o estudantado, previamente, realice a súa lectura/visionado crítico (traballo autónomo).
Proba mixta	Proba escrita para a avaliación continua das aprendizaxes. Esta proba subdividirase en varias partes/momentos, que corresponden coas diferentes partes do temario. Así, o alumnado poderá demostrar o seu grao de comprensión dos contidos e a súa progresión na aprendizaxe. Poderá integrar preguntas de tipo obxectivo: verdadeiro/falso, de selección múltiple, orde, resposta curta, discriminación, completar e/ou asociación.



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos Proba mixta Traballos tutelados	<p>Durante o desenvolvemento das actividades prácticas, os grupos disporán de 1.30 h. de atención personalizada na aula, entendida como atención, supervisión e seguemento dos grupos de traballo, para resolver as dúbidas que poidan xurdir durante o manexo de fontes e a resolución de problemas prácticos. Isto supón que o alumnado debe participar nas sesións prácticas de xeito activo.</p> <p>O alumnado poderá consultar dúbidas no horario de titorías. As ditas titorías serán atendidas de forma presencial (despacho P1 A19), exclusivamente no horario de titorías que figura na web da Facultade.</p> <p>-----</p> <p>Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial, segundo establece a "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudante dos Graos na UDC (Art. 2.3.,3b y 4.5) (29%5/212)", desenvolverá a súa actividade coa asistencia e a participación nas dinámicas recollidas no apartado de "Metodoloxías" y en "Atención personalizada" aplicable ás prácticas, sempre que lle sexa posible. A actividade farase seguindo as observacións de avaliación sobre a flexibilidade da asistencia-participación e os requirimentos para superar a materia.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A3 B21 B22 B23 B24	<p>Realizarase unha ou varias probas coa fin de valorar a adquisición dos coñecementos teóricos e prácticos, que poderán incluír preguntas de resposta múltiple, ordenación, resposta breve, discriminación, completar e/ou asociación, ou ben só tipo dalgunha destas.</p> <p>O alumnado terá dereito a avaliarse en calquera da dúas linguas vehiculares nas que se imparte a materia.</p> <p>O sistema de corrección será:</p> <ul style="list-style-type: none">- Preguntas V/F: unha resposta incorrecta restará unha resposta correcta.- Preguntas de resposta múltiple: aplicarase a fórmula de corrección ao azar (acertos - erros/nº alternativas ? 1).- Preguntas resposta curta: valorarase a claridade e a capacidade de síntese e adecuación da resposta á pregunta formulada. <p>Nota importante: no caso de realizarse máis dunha proba, cada unha delas terá contidos diferenciados e excluíntes (é dicir, elimínase materia tras cada proba). É requirido que o estudante supere cun mínimo de 5 puntos cada proba (ou a proba única, se procede). No caso de non acadar o mínimo do 50% (5 puntos sobre 10), o estudante terá que someterse á avaliación na 2ª oportunidade de Xullo, aparecendo na primeira convocatoria coa calificación de suspenso.</p>	50



Traballos tutelados	A4 A6 A7 B1 B9 B14 B17 B18 B22 B23 B24 B25 C1 C3 C4	<p>O longo do cuadrimestre irase desenvolvendo un conxunto de actividades (fundamentalmente, a desenvolver na aula), das que algunhas delas poderá ser requirida a súa presentación na aula ou a entrega dalgún informe.</p> <p>Estas actividades, ademáis, serán de utilidade para que o alumnado vaia nutrido de contidos o seu proxecto final, o cal será avaliado no seu contido e na súa presentación oral.</p> <p>O alumnado terá dereito a avaliarse en calquera da dúas linguas vehiculares nas que se imparte a materia.</p>	30
Presentación oral	B1 B9 B13 B17 B23 B24 C1 C3	<p>Levarase a cabo un Proxecto Final que o alumnado irá nutrido de contidos ao longo do cuadrimestre coas actividades que se realicen na aula e coas orientacións que a docente facilite a cada grupo nas sesións dispostas para a realización do traballo na aula, e mediante a titorización fóra da mesma.</p> <p>O dito traballo poderá consistir no deseño dun blogue, a realización dun vídeo (entrevista, investigación, exposición...), a creación dun conto, entre outras posibilidades, e co que se logren reproducir os principios fundamentais que sustentan o diagnóstico pedagóxico en Educación Primaria.</p> <p>O alumnado terá dereito a avaliarse en calquera da dúas linguas vehiculares nas que se imparte a materia.</p> <p>O alumnado disporá con antelación dunha rúbrica na que se especificarán os aspectos que se valorarán no traballo. Así mesmo, tentarase empregar metodoloxías complementarias á avaliación da docente, que permitan a reflexión sobre a propia práctica (autoavaliación) e sobre a práctica dos compañeiros/as (avaliación entre iguais), acadando unha avaliación compartida que involucre ao profesorado e ao estudiantado (coavaliación).</p>	20

Observacións avaliación



REQUERIMENTOS PARA SUPERAR A MATERIA:

Asistir a clase. A asistencia a clase é

obrigatoria nun 80% das sesións. Participar en clase. A condición de alumnado asistente (80% de asistencia)

supón, non só a asistencia, senón tamén a participación e aproveitamento do

tempo de clase. Para isto, é moi recomendable que o alumnado visualice e/ou realice a lectura dos materiais subidos á plataforma na que se colgan

todos os materiais da asignatura, pois nela se atopan os contidos fundamentais para realizar un correcto desenvolvemento das sesións e para

superar a materia. Realizar

todas as actividades obrigatorias que computan na avaliación final da materia;

isto é: a proba mixta (tests dos bloques de contidos), os traballos tutelados

e a presentación oral. Acadar

o 50% da calificación en cada unha das metodoloxías de avaliación para superar

a materia, calquera que sexa a modalidade de avaliación á que se somete o

estudante. No caso de non acadar o 50% nalgunha das partes, a calificación

final será de 4 puntos. Axustarse

ás datas de entrega sinaladas no calendario presentado durante a presentación

da materia. As entregas fóra de prazo ou a ausencia de entrega terán unha

calificación de 0 puntos e, polo tanto, suporán unha calificación final de

suspenso. Realizar

as actividades propostas, aproveitando e optimizando o tempo que se destina na

aula. Realizar

traballos de carácter orixinal. O incumprimento das normas éticas na

realización de traballos académicos suporá unha calificación de 0 puntos na

mesma e, polo tanto, dará lugar a unha calificación final de suspenso. Baixo

ningunha circunstancia aceptaranse traballos parcial ou totalmente extraídos

doutras fontes que non foran debidamente citadas. MODALIDADES DE AVALIACIÓN: Tendo en conta a posible existencia de

alumnado que, polas súas circunstancias particulares non poda asistir a clase, e polo tanto, formar parte dun grupo de traballo e realizar a

presentación oral do proxecto, terase en conta diversas modalidades de avaliación segundo o réxime

de adicación do alumnado: AVALIACIÓN CONTINUA: modalidade de avaliación

aplicable ao alumnado asistente; é dicir, a aquel que cumpra co requisito de

asistencia dun 80%; e ao alumnado con recoñecemento de adicación a tempo

parcial. Alumnado asistente: Será avaliado ao longo

do proceso de aprendizaxe, a través da realización das actividades prácticas

(traballos tutelados) e a súa presentación oral, revisado pola profesora, así

como da avaliación formativa a través dos test correspondentes á proba mixta. Alumnado con recoñecemento de dedicación a

tempo parcial: atendendo á norma que regula o réxime de adicación ao estudo e a

permanencia e progresión dos estudantes de grao e mestrado universitario na

Universidade da Coruña (aprobada en Consello de Goberno o 28 de xuño de 2016),

nos seus artigos 4, 5 y 6, será necesario que este alumnado solicite a dispensa

e a entregue á docente. O alumnado que se adhira a esta modalidade será

avaliado baixo o seguinte proceso de avaliación: (a) Terá que entregar os traballos que sexan obxecto de avaliación (20%), realizados de xeito

individual, no tempo e forma establecido

para o alumnado presencial. Dado que non se someterá á presentación

oral, o Proxecto Final consistirá na presentación do seu proxecto a través dun

vídeo explicativo, gravado polo/a estudante e entregado na data establecida

para o conxunto do alumnado. A valoración desta presentación oral

corresponderá íntegramente á docente (30%), anulándose a posibilidade de

realizar coavaliación. (b) Terá que realizar a/as proba/s correspondentes á

metodoloxía de avaliación ?proba mixta? nas mesmas condicións que o alumnado

asistente (isto é, debe cumprir os prazos establecidos pola docente) e cuxa

calificación será do 50% da nota final; isto é, 5 puntos sobre 10, pero é



necesario acadar a metade da puntuación para aprobar (é dicir, mínimo 2.5 punto). AVALIACIÓN FINAL: modalidade de avaliación aplicable ao alumnado non asistente (aquele que non cumpre co requisito de asistencia mínimo do 80%), así como aquel que non participa da realización de algunha das probas online (proba mixta). Para este alumnado, establécese que: (a) Será recomendable que realice todas as actividades que se desenvolverán na aula co alumnado presencial, pero de forma autónoma e contando coa supervisión da profesora no horario de titorías. Estas actividades non serán entregadas á docente, senón que serán avaliadas a través dunha proba que se realizará ao final do cuadrimestre (1ª convocatoria oficial) e na cal, estas actividades corresponden ao 50% da nota final; isto é, 5 punto sobre 10, pero é necesario acadar a metade da puntuación para aprobar (é dicir, mínimo 2.5 puntos). (b) Os contidos teóricos estarán a disposición do alumnado non asistente a través dos vídeos e do Manual Docente, no Campus Virtual. Estes contidos inclúiranse dentro da "proba mixta" (Exame 1ª Convocatoria oficial), xunto co especificado no apartado a. Esta parte do examen terá un peso do 50% da nota final; isto é, 5 puntos sobre 10, pero é necesario acadar a metade da puntuación para aprobar (é dicir, mínimo 2.5 puntos). A data da proba na que se inclúiran os contidos especificados no apartado a e b está fixada pola Xunta de Facultade (Exame 1ª Convocatoria Oficial). As metodoloxías que se teñan aprobadas na 1ª Convocatoria (Maio-Xuño) só se gardarán para a 2ª Convocatoria (Xuño-Xullo) do ano en curso. A avaliación adiantada rexeráse polo mesmo procedemento de avaliación que o especificado na 1ª e 2ª oportunidade aplicable ao alumnado "non asistente". Os traballos serán entregados fundamentalmente en formato dixital, e nos casos que a entrega sexa en papel este deberá ser reciclado, evitándose o uso de plásticos. Ademais se esixirá a utilización dunha linguaxe non sexista e non discriminatorio



Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Alonso Tapia, J. (2012). Evaluación psicopedagógica y orientación educativa. Síntesis.- Ayala Flores, C.L. (2001). Evaluación e informes psicopedagógicos: de la teoría a la práctica. CEPE.- Cardona Moltó, M.C., Chiner Sanz, E., & Lattur Devesa, A. (2010). Diagnóstico psicopedagógico. ECU.- Faragher, S. (2014). Understanding assessment in primary education.. SAGE.- Ibáñez López, P., & Mudarra Sánchez, M.J. (2014). Atención temprana. Diagnóstico e intervención psicopedagógica. UNED.- Iglesias Cortizas, M.J. (2005). Diagnóstico escolar. Teorías, ámbitos y técnicas. Pearson. Prentice Hill.- Losada-Puente, L. (2021). Handbook of pedagogical diagnosis. EUNOIA.- Padilla, M.T. (2002). Técnicas e instrumentos para el diagnóstico y la evaluación educativa. CCS.- Pascual Gómez, I. (2016). Diagnóstico pedagógico. conceptos básicos y aplicaciones en el aula de educación infantil. Editorial UOC.- Peer, L., & Reid, G. (2021). Special educational needs (3rd ed.). Delayna Spencer.- Ramrathan, I., Grange, L.L., & Higgs, P. (2017). Education studies for initial teacher development. . Juta & Company.- Rousseau, N., & Espinosa, G. (2018). Le bien-être à l'école: enjeux et stratégies gagnantes.. Presses de l'Université du Québec.
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Anaya Nieto, D. (1992). Introducción al diagnóstico en orientación. Sanz y Torres.- Iglesias Cortizas, M.J. (2012). Aportaciones del diagnóstico pedagógico a la orientación educativa (pp. 89-112). Biblioteca Nueva.- Marí Molla, R. (2006). Diagnóstico pedagógico: Un modelo para la intervención psicopedagógica (2ª ed.). Ariel Educación.- Shilova, E.A., Zakrepina, A.V., & Strebeleva, A. (2019). Study of the pedagogical context of the diagnostic competence of special education teachers/rehabilitators. . Integration of Education, 23(3), 458-474.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías